

Outono Cultural

setembro | outubro | novembro | decembro
2024



Teatro
Monicreques
Música
Danza
Obradoiros
Exposicións

Arteixo / Cultura

Venres 27 de setembro / 18:30 h
Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía
Viva Vivaldi de MONICREQUES DE KUKAS
Monicreques - Público infantil (3 - 8 anos)
Duración: 60 minutos - Con entrada: 3 € e 2,25 €

A famosa creación de Vivaldi serviu de inspiración para crear esta peza. Unha montaxe sen palabras que deixa á música, na súa versión para guitarra, reinar no escenario, acompañada por unha plástica refinada dunha gran beleza.

Autor: Marcelino de Santiago Viqueira.
Dirección: Isabel Rey Pousada.
Elenco artístico: Marian González, Larraitz Urruzola, Marcelino de Santiago.




Venres 4 de outubro / 18:30 h
Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía
La ratita presumida de TROPOS, TEATRO DE TÍTERES
Monicreques - Público infantil (3 - 10 anos)
Duración: 45 minutos - Con entrada: 3 € e 2,25 €



O amor non se pode escoller. Ás veces chega e logo vaise. Ás veces quédase para sempre e ás veces non o atopas nunca. Outras, telo tan preto que nin o ves. Unha divertida versión do coñecido conto tradicional repleta de cancións e ladaíñas infantís.

Autor: Charles Perrault.
Adaptación: Guillermo Gil.
Dirección: Eduardo Guerrero.
Elenco artístico: Patricia Arroyo e Guillermo Gil.

Arteixo / Cultura



Venres 11 de outubro / 20:30 h
Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía
Tolóptica, un perdedor de primeira de CÓDIGO AZUL
Teatro / Comedia - Público adulto
Duración: 80 minutos - Con entrada: 3 e 2,25 €

A través da comedia negra convídase a reflexionar sobre unha sociedade cada vez máis individualista e materialista; un espello da nosa realidade na que o bo trato foise diluíndo e a xerarquía social se instala, desaparecendo o compromiso, a cooperación, a empatía e o sentimento de colectividade.

Autor: Ismael Gil Candal.
Dirección: Xosé Leis.
Adaptación: Martín Espantoso.
Elenco artístico: Martín Espantoso, Marcos Fernández e Laura Estelo.

Venres 18 de outubro / 20:30 h
Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía
Ceibe3 de FRAN SIEIRA COMPAÑÍA DE DANZA
Danza tradicional
Público adulto
Duración: 55 minutos - Con invitación
XXIII Feira Histórica Arteixo 1900

Peza que cuestiona as identidades de xénero normativas e hexemónicas para comprender e compartir que o xénero opera sobre todos os corpos e, por suposto, nas manifestacións culturais, como é o baile tradicional galego.

Autor: Francisco Sieira González.
Dirección: Sergio R. Suárez e Francisco Sieira González.
Bailadoras/es: María Montero, Patricia Sánchez, André Adrio, Artur Puga, Martín Mondragón, Adela Otero, Cristina Canosa, Adrao Casal.





Venres 18 de outubro / 22:30 h
Praza do Balneario
Concerto de NINGHURES
Música / Folk tradicional
Todos os públicos
Duración: 60 minutos
XXIII Feira Histórica Arteixo 1900



Enraizados na tradición galega, a súa é unha mirada global que busca inspiración no rock saharauí, as músicas do Magreb e ata as melodías cubanas. De estilo ecléctico, fan soar tanto a pandeireta coma o ukelele poñendo en valor o amor pola música e a experimentación.

Intérpretes: Manuel Fernández "Cataqui", Manuel Lucas, Tomé Mouriño, Adrián Méndez, Marta Álvarez, Aldara Palmeiro e Hadrián García.



Sábado 19 de outubro / 16:30 h
Praza do Balneario
Neofalante de LUÍS VALLECILLO
Música
Todos os públicos
Duración: 50 minutos
XXIII Feira Histórica Arteixo 1900

Luís con este espectáculo, quere festexar os seus "20 anos vivindo en Galicia"... e convida a todas aquelas persoas que tiveron como primeira lingua o castelán a gozar das vantaxes de ser "Neofalante" como sempre cunha chea de humor, cancións, bailes e xogos..... será unha festa en galego!!!



Arteixo / Cultura

Venres 18 de outubro / 00:00 h / Praza do Balneario
Últimas dionisiacas de FILLAS DE CASSANDRA
Música / Folk tradicional
Todos os públicos
Duración: 70 minutos
XXIII Feira Histórica Arteixo 1900



María Soa (voz, percusión e piano) e Sara Faro (voz e percusión) conforman o dúo Fillas de Cassandra, unha das revelacións do panorama musical en Galicia. O dúo presentará o seu último traballo *Últimas dionisiacas*. Unha potente aposta por letras directas e emotivas e a mestura entre a música tradicional, o pop e o tecno. *Últimas Dionisiacas* é un convite a un festexo colectivo e catártico.

Sábado 19 de outubro / 22:30 h
Praza do Balneario
Concerto de AMOEB0
Música / Folk tradicional
Todos os públicos
Duración: 70 minutos
XXIII Feira Histórica Arteixo 1900

Proposta de música urbana que busca romper estereotipos: roe nos ritmos latinos e o idol pop dos 80 para deconstruír a verbeira galega. Funk pop, cumbias, bachatas e merengues con sons máis actuais, como o autotune e os "drums" agresivos, forman un cóctel interxeracional e inclusivo.



Sábado 19 de outubro / 00:00 h / Praza do Balneario

Branca Vela de BUDIÑO

Música / Folk tradicional

Todos os públicos

Duración: 80 minutos

XXIII Feira Histórica Arteixo 1900

O oitavo disco do compositor galego combina o virtuosismo do músico, unha banda de novos talentos e algunhas das mellores voces deste país. Unha gran conxunción de música e baile, do tradicional coa vangarda. *Branca Vela* é a combinación de ritmos, sons, instrumentos e percusións tradicionais coa electrónica máis revolucionaria.



Domingo 20 de outubro / 17:00 h

Anfiteatro

Con lingua propia de PETER PUNK

Circo, malabares e xogos

Público familiar

Duración: 60 minutos

XXIII Feira Histórica Arteixo 1900

O pallaso máis irreverente da escena galega combinará as máis variadas técnicas circenses con xogos de palabras e concursos lingüísticos para poñer a lingua en valor e ao público en acción! Un espectáculo cheo de humor, trabalinguas, xogos e malabares.

Elenco artístico: Isaac Rodríguez "Peter Punk".



Sábado 19 de outubro / 01:30 h

Praza do Balneario

Concerto da BANDA DE BALBINA

Música / Folk tradicional

Todos os públicos

Duración: 70 minutos

XXIII Feira Histórica Arteixo 1900

Música e letras orixinais 100% en lingua galega cun toque pícaro-humorístico e unha gran dose de retranca. Balbina canta e conta historias sobre estereotipos sociais como "A bailadora" ou "A Conacheira", ata personaxes mítico-históricos como a bandeira "Pepa a Loba".

Intérpretes: Silvia Carreira, Juan Fuentes, Dani Fuentes, Carlos Gómez e Gabriel Riveiro.

Venres 25 de outubro / 20:30 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Deadpan karaoke de IBUPROFENO TEATRO

Teatro / Comedia

Todos os públicos - Con entrada: 4 € e 3 €

Duración: 75 minutos

Deadpan Karaoke é un espectáculo de carácter participativo que ten como ingredientes o absurdo, a estupidez, a sorpresa, a comedia, a música e o cine, todo enmarcado nun espazo que transita do real ao onírico. Podemos nesta sociedade de narcisismo extremo lanzarnos ao baleiro do amor?

Autoras: Patricia Rodríguez e Marián Bañobre.

Dirección: Patricia Rodríguez.

Elenco artístico: Marián Bañobre.



Arteixo / Cultura





Todos os mércores de novembro / 18:30 - 20:30 h
 Capela do Balneario
Laboratorio de Cómico Feminista "Eu tamén son unha heroína" de TICIANA GHIGLIONE
 Público infantil (9 - 12 anos) / Prazas: 12
 Inscripcións: do 16 de setembro ao 16 de outubro
 Duración: 120 minutos
 Observación: a realización do laboratorio está su-peditada a un número mínimo de inscricións.
 Contidos: as orixes do cómic, a imaxe, o texto, o ritmo, a viñeta, story board (guión gráfico), etc.

Sábado 2 de novembro / 17:00 h / Pasarrúas e Anfiteatro
XXI Encontro de Bandas
 Música - Todos os públicos
 Duración: 120 minutos

O xa tradicional Encontro de Bandas reúne nesta ocasión á Banda de Música Santiago de Arteixo e á Banda de Música de Macastre (Valencia). As dúas agrupacións musicais desfilarán pola Avenida do Balneario en dirección ao paseo fluvial onde confluirán nun concerto no Anfiteatro

*En caso de inclemencias meteorolóxicas o concerto trasládase ao Auditorio do CCC de Arteixo Manuel Murguía.
 Organiza: BMA.



Venres 8 de novembro / 18:30 h
 Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía
Ópera Breaks de VELLA ESCOLA
 Teatro / Comedia - Público infantil (+3 anos)
 Duración: 60 minutos - Con entrada: 4 e 3 €

Espectáculo que mestura Ópera, Breakdance, Beatbox e Dj, e que brota da conexión da soprano Esperanza Mara e os artistas urbanos do colectivo Vella Escola. Atrévete a liberar a túa mente de preconceitos?

Autor e dirección: Vella Escola e Esperanza Mara.
 Elenco artístico: Colectivo Vella Escola, Esperanza Mara.



Venres 15 de novembro / 20:30 h
 Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía
O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada de BUTACAZERO
 Teatro / Contemporáneo - Público adulto
 Duración: 55 minutos - Con entrada: 3 e 2,25 €

Carrodegas aborda neste texto de auto[NON]ficción a relación co seu corpo, marcada pola gordofobia que se respira en calquera recuncho desta apaixonante sociedade da femosura. Porque por moito que te escondas, a gordofobia sempre está ao teu carón. Sobre todo porque está en ti.

Autora: Esther F. Carrodegas.
 Dirección: Xavier Castiñeira.
 Elenco artístico: Esther F. Carrodegas (actriz), Juanma Lodo (músico).



Sábado 23 de novembro / 20:00 h / Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía
Encontros musicais de Santa Icíá
 Música - Todos os públicos - Duración: 60 minutos

Este encontro pretende fusionar a música das diferentes agrupacións do Concello de Arteixo nun concerto no que participarán o Orfeón de Arteixo e outros artistas convidados.
 Organiza: Orfeón de Arteixo.



XIX MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO

Sábado 16 de novembro / 20:00 h
 Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía
Un marido de ida e volta de PASAPADENTRO (Escola de Teatro Melandrainas)
 Teatro / Comedia - Público familiar
 Duración: 90 minutos - Con invitación

Pepe, o marido de Leticia, morre repentinamente mentras se prepara para unha festa de disfraces, non sen antes facerlle prometer ao seu mellor amigo, Paco Yepes, que non casará coa súa viúva. Paco non cumpre a súa promesa e, dous anos

despois da morte de Pepe, estranos sucesos ocorren na casa.

Autor: Enrique Jardiel Poncela.
 Tradución e adaptación: Queta Soto.
 Dirección: Marga Fernández.
 Elenco artístico: Ofelia Rodríguez, Azucena Souto, Antía Fernández, Juan del Río, Yvonne Rothenbüler, Chus López, Sonia Fernández, Marina Mahía, Fernando López e Marga Fernández.



Venres 22 de novembro / 20:30 h
Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía
Cartas dunha muller ausente
de DITIRAMBO TEATRO

Teatro / Drama

Todos os públicos (+ 14 anos)

Duración: 80 minutos - Con invitación

Unha muller acode á consulta do psiquiatra para tratar o trastorno de personalidade múltiple que sofre desde que se divorciou. Como terapia, o doutor recoméndalle a escritura dunhas cartas co obxecto de que a muller silenciada, durante o tempo que durou o matrimonio, exprese as súas emocións e se produza a ansiada recuperación.

Autora e dirección: Lola Roel.

Elenco: Paula Badrán, Loli Fernández e Iago Rego.

Venres 29 de novembro / 20:30 h
Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía
A pousada da pantasma coxa
de AC FAÍSCAS

Teatro / Comedia

Todos os públicos (+12 anos)

Duración: 75 minutos - Con invitación

Mariquiña e Teresiña son dúas camareiras de piso que traballan nun pequeno hotel propiedade de dona Sabela. O establecemento ten moitos problemas para facer fronte ás débedas e, para atraer

clientela, ofertan o lugar como encantado por unha pantasma coxa.

Autora: Marina de Mary.

Dirección: Xavier Ramilo.

Elenco: María Dubra, Charo Dubra, Maruja Rama, María José Gutiérrez, Paz Murias, Ofelia Castro, Ana Traba, Maribel González, Eva Rodríguez.

Sábado 7 de decembro / 20:00 h
Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía
“A doutora” e “Os tres maridos”
de PORTAS ABERTAS

Teatro / Comedia

Todos os públicos (+12 anos)

Duración: 60 minutos - Con invitación

Dous “sketches” onde no primeiro, unhas señoras consultan as súas disparatadas dolencias a unha doutora estresada e no segundo, unha muller casada e viúva ata en 3 ocasións cuestiónase se é unha desventurada ou culpable da súa situación persoal.

Autora e dirección: Noemí Aedo.

Elenco artístico: María Mato, Pilar Guerreiro, Charo Ferraces, Elisa Vázquez, Lucía Pérez, Mari López.



Venres 13 de decembro / 20:30 h
Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Quéroche un conto

de ALEXANDRE BÓVEDA TEATRO

Narración Oral / Teatro

Todos os públicos (+12 anos)


Duración: 50 minutos - Con invitación

Nunha taberna dunha vila, coma calquera taberna de calquera vila galega, van aparecendo ao longo do día diferentes personaxes e cada cal ten unha historia que contar. Historias da súa propia vida da que son protagonistas, historias ouvidas noutros lares, historias lidas en fermosos libros.

Autoría: Alexandre Bóveda Teatro.

Dirección: Manuela Varela.

Elenco artístico: Sofía Braxe, Ana Rodríguez, María Luísa Álvarez, Chelo Rodríguez, Isabel Vidal, Begoña Valdés, Cristina García, Antón Amil, Suso Míguez, Pepe Rodríguez.



• EXPOSICIÓNS •

Sala de exposicións do CCC de Arteixo Manuel Murguía e Capela do Balneario

Do 2 ao 30 de setembro

Exposición de pintura de Lola Vivero

Do 10 ao 20 de outubro

Exposición de fotografías antigas da Asociación de Pensionistas e Xubilados de Arteixo

Do 5 ao 30 de novembro

“Disparando cos meus ollos” exposición de fotografía de Carlos Muíño

Do 10 de decembro ao 10 de xaneiro

Exposición de pintura de “A terra e o mar” LML

A Concellaría de Cultura do Concello de Arteixo lémbrales que:

1. Unha vez comezada a función pode restrinxirse o acceso á sala, polo que se prega a **máxima puntualidade**.
2. **Non se permite o consumo de alimentos e bebidas no interior da sala.**
3. Os carros, paraugas, triciclos, etc. deberán permanecer fóra da sala.
4. **As alarmas e os teléfonos móbiles deben desconnectarse antes de entrar na sala.**
5. Para realizar **gravacións e tomar fotografías** deberán obter permiso previo da organización.
6. Cada espectáculo está pensado para unhas idades preferentes que recomentan as propias compañías polo que **en espectáculos infantís ou para todos os públicos os menores de 12 anos sempre estarán acompañados por un adulto**, que aboará a entrada correspondente, se é o caso, independentemente de se ocupa butaca ou non. **Só se autorizará a entrada de bebés nos espectáculos especificamente programados para eles.**
7. **En espectáculos para adultos só se permitirá a entrada a menores se están acompañados por un adulto responsable** dos seus comportamentos e dos posibles contidos inapropiados que poidan estar vendo, polo que a Concellaría de Cultura declina neles toda a responsabilidade sobre estes temas.
8. Esta programación poderá sufrir variacións se as circunstancias o aconsellan. Os espectáculos estarán suxeitos ao **aboamento de entrada ou á recollida de invitación**. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada ou sen invitación para poder computar o aforamento efectivo por razóns de seguridade. O aforamento é único e compútase por persoas e non por butacas ocupadas.

VENDA DE ENTRADAS:

Online ou o día da función en horario de 11:30 a 13:30 h e 2 horas antes do seu comezo na Billeteira do CCC de Arteixo Manuel Murguía, até completar a capacidade da sala. O nº máximo de entradas limitarase a 5 por persoa. O dereito á redución deberá acreditarse documentalmente (ordenanza fiscal nº 34).

DISTRIBUCIÓN DE INVITACIÓN:

Online ou 1 hora antes da función na Billeteira do CCC de Arteixo Manuel Murguía, até completar a capacidade da sala. O nº de invitacións limitarase a 5 por persoa.

+INFO

SM de Cultura

Centro Cívico Cultural de Arteixo Manuel Murguía
R/ Alcalde Baldomero González
15142 Arteixo

981 659 100 / cultura@arteixo.org
www.arteixo.org





Arteixo / Cultura



CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS